

## **DECRETO NÚMERO 18009012 DO 30/10/2018**

Ilmo. Sr. Don Miguel Fernández Méndez Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Rural e Deportes.

Instruído o expediente relativo a: CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NO ORZAMENTO POLO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA MEDIANTE CONVENIO A FAVOR DA ENTIDADE “CLUB VOLEIBOL EMEVE” , PARA O ANO 2018. ADXUDICACIÓN.

### **ANTECEDENTES**

I.- Informe proposta do departamento de Deportes, relativo á iniciación e adxudicación de subvencións previstas nominativamente no Orzamento polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor da citada entidade para o ano 2018, por importe de 45.000€, incluíndose no mesmo o texto do convenio a asinar. A dito informe proposta deulle a súa conformidade o Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, a teor do artigo 65 do RD 887/2006 de 21 de xullo.

II.- Informe da Intervención Municipal, do día 25 de outubro de 2018 Ref. 599/2018, relativo á fiscalización da presente fase do expediente.

III. Documentos contables RC/77729/2018 que figura no informe da Intervención Mpal.

Por todo o anteriormente exposto, e de conformidade co establecido no Acordo número 4/455 da Xunta de Goberno Local do día 7 de xullo de 2015, relativo a delegación de atribucións da Xunta de Goberno Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar a concesión da subvención prevista nominativamente no Orzamento polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor da entidade “CLUB VOLEIBOL EMEVE”, CIF.: G27041490, para o ano 2018, por importe de 45.000€

**SEGUNDO.** Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a citada entidade, recollido no informe proposta do mencionado departamento.

**TERCEIRO.** Aprobar a autorización e disposición do gasto de 45.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 34100.48900 do vixente Orzamento municipal de 2018, a favor da entidade “CLUB VOLEIBOL EMEVE”.

**CONCELLERÍA DE DEPORTES.**

MFM/mirc

Refª: DECRETO-CONCESIÓN C.V. EMEVE 18

Asunto:

CUARTO. Notificar a presente resolución ás partes interesadas e ás dependencias municipais afectadas. Contra a devandita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Maila o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer-se o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Alcaldía, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñer-se recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123.2 da Lei 39/2015).

Cúmprase.